

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADITIVAS

REÚNENSE

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Carmen Avendaño Otero, actuando en nome e representación da Asociación Érguete Prevención e Intervención en Condutas Aditivas (en diante, a Asociación), inscrita no Rexistro Central de asociacións o 06.03.2007, co número: 2007/010338 (SC).

A Asociación foi clasificada como de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de data 16.11.1999.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. – O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e se determinan as súas competencias, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

Segundo. – O obxecto da Asociación é traballar para xerar oportunidades e prestar servizos a persoas e familias afectadas por condutas aditivas, disruptivas, e/ou de risco, impulsando a súa inclusión e fomentando hábitos de vida saudables.



Terceiro.- Esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten interese en impulsar aquelas alternativas á cadea que en determinadas condutas dan resultados máis eficaces e poden garantir unha mellor reinserción, así coma en levar a cabo accións a nivel socioeducativo de cara a prevención de futuros ingresos en prisión, o abandono do mundo delitivo e o consumo de drogas.

Cuarto. - A Asociación vai desenvolver o Programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a:

- Persoas con suspensión de condea
- Persoas con medidas alternativas a prisión (traballos en beneficio da comunidade)
- Persoas en 1º, 2º e 3º grao penitenciario
- Persoas con causas xudiciais pendentes
- Menores con problemas de consumo e/ou conduta
- Menores con cumprimento de medidas xudiciais (tarefas socioeducativas)
- Menores sancionados por tenencia de cannabis ou outras drogas

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar coa Asociación no Programa PFIS, pois é a través de programas de intervención socioeducativa como este, no que se intervén para analizar e restaurar as causas que levaron á persoa a adquirir condutas disruptivas, a forma de levar a cabo unha modificación de conduta e de hábitos de cara a unha inserción social satisfactoria.

Este departamento valora as actuacións desenvolvidas a través deste programa por canto se considera que é ao inicio da actitude delituosa, ou cando aparecen as primeiras manifestación a nivel condutual, cando a intervención pode ser máis efectiva.

En atención ao exposto non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.

Quinto.- A Asociación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación, para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2023 do Programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado aos fins descritos no expoñendo cuarto deste convenio.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN

1. A Asociación, queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos de persoal necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CC. AA. para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA



A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aboará á Asociación a cantidade máxima de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €) conforme ao orzamento recollido no Anexo I deste convenio, que se distribúen do seguinte xeito: TRINTA E CINCO MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (35.125,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 06.01.121A.481.1 (CP: 2015 00089) e CATORCE MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (14.875,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0 (CP: 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS

A achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece que *"a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e no seu caso a data de pagamento; no caso de que a subvención se outorgue conforme a un presuposto, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.



e) Unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

f) Os tres presupostos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei de subvencións de Galicia debера solicitar o beneficiario.

g) No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.

3.- Non obstante o anterior, cando por razón do obxecto ou da natureza da subvención non fose preciso presentar a documentación prevista no apartado anterior, as bases reguladoras determinarán o contido da conta xustificativa”.

O representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2023.

QUINTA. – PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Logo da sinatura do convenio, realizarase un pago anticipado polo importe do 80% da subvención concedida, segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O anticipo deberá ser solicitado pola entidade beneficiaria xunto coa seguinte documentación.

- Solicitud de pagamento anticipado.
- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2009, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.



SÉTIMA. - SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e a presidenta da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administración.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da previsión contida na cláusula cuarta.



DÉCIMO SEGUNDA. - NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electrónicamente na data que figura á marxe.

O Vicepresidente Segundo e Conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deporte

A Presidenta da Asociación Érguete
Prevención e Intervención en Condutas
Aditivas

Diego Calvo Pouso

Carmen Avendaño Otero



ANEXO I

<u>DATOS DA ENTIDAD SOLICITANTE</u>	
RAZÓN SOCIAL	ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS
NIF	G.36642726
<u>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</u>	
NOME	CARMEN
PRIMEIRO APELIDO	AVENDAÑO
SEGUNDO APELIDO	OTERO
NIF	35956947N
<u>PROCEDEMENTO</u>	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN ERGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS
<u>DOCUMENTO</u>	ORZAMENTO PROGRAMA
<u>PROGRAMA</u>	PROGRAMA DE FORMACIÓN E INTEGRACION SOCIAL
<u>TEMPORALIZACIÓN DA ACCIÓN</u>	
DATA DE INICIO	01/01/2023
DATA FINALIZACIÓN	31/12/2023



ORZAMENTO DO GASTO

GASTOS DE PERSOAL	- RETRIBUCIÓNS INTEGRAS E CUOTAS A SEGURIDADE SOCIAL: 49.000,00€
GASTOS CORRENTES	- GASTOS CORRENTES: 1.000,00 €
TOTAL	50.000,00 €

